

BI CHA RA DA

BERROBAMBÁN
presenta



dirixida por
EVARISTO CALVO

**Unha araña e unha formiga
viven tranquilas na paz
do seu recuncho. Até que
un día aparece un animal
misterioso... un escaravello!**

BICHARADA

Un equipo de bichos de excepción.

Desde a primeira luz o público -nenas e nenos, grandes e pequenos- entra no mundo de Bicharada descubrindo e gozando do fantástico traballo que conseguiu vertebrar o equipo de Bicharada. A escenografía, o vestiario, a iluminación todo vai encamiñado a entrar e sentir esta historia tan máxica como simple, tan sincera como divertida, tan imaxinaria como real.



Bicharada na traxectoria de Berrobambán:

Se cada espectáculo dunha compañía é unha porta que se abre no momento único e irrepetible da representación, a novena porta de Berrobambán garda un mundo que nos sorprende e nos engancha desde que a luz ilumina o escenario.

Desde o ano 2000 oito espectáculos levaron a Berrobambán de Seoul a Canadá, do territorio mudo ao musical, do texto contemporáneo ao clown, do público adulto ao familiar. Para este último tipo de público, Berrobambán coordinou “Circo-Lar” dentro da oferta cultural de “A Cultura Circula” e foi a encargada de organizar e coordinar a primeira programación estable de teatro familiar en Galiza: “Asteroide B-612”. O último proxecto da compañía ata o momento foi a posta en escena do I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil: “Boas Noites” de Paula Carballeira.

Berrobambán caracterízase por querer ser unha compañía que non cesa de explorar e arriscar nas súas propostas, un proxecto artístico que se consolida como un dos máis estables e internacionais do panorama teatral galego.

**BI
CHA
RA
DA**



Berrobambán regresa ao territorio mudo, á linguaxe visual, ao humor sen palabras, e faino da man dun recoñecido e singular creador: Evaristo Calvo.

EVARISTO CALVO

Director, autor teatral e actor de prolífica carreira. Funda xunto con Victor L. Mosqueira ‘Mofa e Befá’, compañía coa que segue recolectando numerosos éxitos na actualidade.

A súa dirección e dramaturxia para “Qui pro Quo” de Ollomoltranvía foi recoñecida co Premio María Casares de Teatro que tamén acadara como actor con “Anxeliños”.

Como autor e director realizou dous espectáculos para a compañía Sapristi: “Hotel Run” e “So Sobre”, que destacan na súa traxectoria pola súa singularidade e porque neles se amosa o peculiar mundo surrealista deste creador que, desde os anos oitenta, está tanto detrás como diante de moitos dos produtos audiovisuais do noso país.





BICHARADA É UN ESPECTÁCULO MUDO E SORPRELENDE.

INTERPRETADO POR:

Paula Carballeira | Chiqui Pereira | Manolo Panforreteiro | Voz en off: Patricia de Lorenzo

DIRECCIÓN

E DRAMATURXIA: Evaristo Calvo

AXUDANTE DE DIRECCIÓN:

Yelena Molina

ESCENOGRAFÍA: Pablo 'Pastor'

ILUMINACIÓN: Fidel Vázquez

VESTIARIO: Cloti Vaello

MÚSICA: Manolo Panforreteiro

ARRANXOS E ADAPTACIÓN: Vadim Yukhnevich

**MARIMBA, VIBRÁFONO, LIRA,
PERCUSIÓNS E BATERÍA:** Carlos Castro

DESEÑO GRÁFICO: Hidalgo # Bértolo

PRODUCCIÓN: María Rosendo

DISTRIBUCIÓN: Manuel Vázquez
distribucion@berrobamban.com



Avda. de Lugo, 12 - baixo
15702 Santiago de Compostela
0034 981 57 36 26 | 0034 695 92 92 62
www.berrobamban.com

A COMPAÑÍA PRESENTOU OS SEUS ESPECTÁCULOS NOS SEGUINTE FESTIVAIS:

Vancouver International Childrens festival (Canadá) | ASSITEJ Festival Seoul (Korea) | Calgary International Childrens festival (Canadá) | Feira Galega das Artes Escénicas | Auditorio de Castrelos, Semana de Teatro en Familia de Vigo | Teatro en Nadal do Salón Teatro (Compostela) | Mostra de Teatro Infantil de Ourense MOTI | Festival Internacional MANICÓMICOS (A Coruña) | Teatro Familiar do Centro Cultural Caixanova de Vigo | Mostra Internacional de Clown, FESTICLOWN | Mostra Internancional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas | Mostra de Teatro de Cee | Auditorio de Galicia (Compostela) | Estiu n`Ermita de Vila-real (Castelló) | Saskatoon International Childrens Festival (Canadá) | London International Childrens Festival (Canadá) | Nanaimo International Childrens Festival (Canadá) | Okanagan International Childrens Festival (Canadá) | Os domingos do Principal (Pontevedra) | KOSMÓPOLIS CCCB (Barcelona) | Teatro Familiar do Teatro-Sala de Concertos Caixanova de Vigo | Teatro Familiar do Teatro Rosalía (Coruña) | Teatro Familiar do Teatro Principal (Compostela) | FETÉN Os, Teatro Jovellanos (Xixón) | Teatro Familiar do Centro Cultural e de Congressos de Caldas da Rainha (Portugal) | ACERT. Novo Auditório. Tondela (Portugal)